



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo informa o seguinte:

1º.- Que o 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE CASTRO PORTELA", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Castro Portela, parroquia de Villamor, termo municipal de Folgoso do Courel. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 115, do mercores 19 de maio de mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- Que o 19 de setembro do ano en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral ese día, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 239 Hás. do monte veciñal en man común da súa pertenza, nas que se incluisen 222 Hás. do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060, consorciado polo Concello de Folgoso do Courel, có Patrimonio Forestal do Estado e 17 Hás., rasas na actualidade, que a Comunidade aporta de novo para ser repoboadas.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o Consorcio do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060 e

- autorizar ó seu Presidente a sinatura do Convenio.

3°.- Que ten como finalidade o Convenio a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó aveiro do Consorcio, a repoboación dos terreos rasos na actualidade, a conservación, e tratamento selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro, ó seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios concordantes ton tales fins.

4°.- Que en consecuencia, o novo monte "DE CASTRO PORTELA", queda constituído por:

222 Hás. do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060 e
17 Hás., rasas sen consorciar.

5°.- Que as superficies do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060, eran:

superficie total.	581 Hás.
superficie repoboada. ...	574 "
superficie inforestal. ..	7 "

Como o monte "DE FROXAN", 2715795, pasaron:

superficie total.	194 Hás.
superficie repoboada....	192 "
superficie inforestal...	2 "

as actuais, son:

superficie total.	387 Hás.
superficie repoboada....	382 "
superficie inforestal...	5 "

O monte "DE CASTRO PORTELA", pasan:	
superficie total.	222 Hás.
superficie repobada....	219 "
superficie inforestal...	3 "
Como á Comunidade aporta:	
superficie total.	17 Hás.
superficie rasa forestal	13 "
superficie inforestal...	4 "

as superficies actuais do monte "DE CASTRO PORTELA", do Convenio que se propoñe, son:

superficie total.	239 Hás.
superficie repobada....	219 "
superficie rasa forestal	13 "
superficie inforestal...	7 "

6°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1994.	14.436.502, -Ptas.
pasados o m/"DE FROXAN", 2715795.....	4.579.088, - "
Saldo actual:	9.857.414, - "
o 31-12-1976, ano en que foi clasificada como en man común a parte do monte pertencente á Comunidade de Castro - Portela.	2.704.953, - "

8º.- E que a conta do Convenio do monte "DE CASTRO PORTELA", se abre cun saldo de:

5.166.874,-pesetas - 71.852,-pesetas: 5.095.022,-Pts.
=====

Á vista de todo iso, propoñemos a V.I.:

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome do monte "DE CASTRO PORTELA".

Elenco: 2715851.

Superficie: 239 Hás.

Pertenza: Comunidade de Castro Portela.

Termo municipal: Folgoso de Caurel.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE CASTRO PORTELA", 2715851, se abra cun saldo de 5.095.022,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que, con posterioridade ó seu peche, puideran ter as contas do Consorcio do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060.

3°.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2060, sexan as seguintes:

Monte: "ALTO DO BUEY".
Elenco: LU-2060.
Superficie: 165 Hás.
Pertenza: Parroquia de Villamor.
Termo municipal: Folgoso do Courel.

4°.- Que, por haber pasado a conta do Convenio do monte "DE CASTRO POR ELA", 2715851, das contas do Consorcio do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 219 Hás. x 9.857.414,-Ptas. 5.651.240,-Ptas.
382 Hás.
ingresos: 219 Hás. x 125.331,- Ptas. 71.852,- "
382 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 1955,

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

V°B°

O DIRECTOR XERAL,
(P/D 27-10-95)

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

ILMO. SR.:

Visto o expediente de segregación parcial do monte "Alto do Buey" consorciado polo concello de Folgoso do Courel co Patrimonio Forestal do Estado e a transformación nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños do lugar de Castro Portela, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE CASTRO PORTELA" constituído por 222 Hás. docitado Monte Algo do Buey e 17 Hás. rasas sen consorciar, sito no Concelle de Folgoso do Courel (Lugo), e a vista, dos informes favorables emitidos polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, e pola Subdirección Xeral de Montes e I. Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, de fomento da produción forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 de devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 1995

O XEFE DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo. - M^a José Tato Rocha.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL**

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome de monte: "DE CASTRO PORTELA".

Elenco: 2715851.

Superficie: 239 Hás.

Pertenza: Comunidade de Castro Portela.

Termo municipal: Folgoso do Caurel.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE CASTRO PORTELA", 2715851, se abra cun saldo de 5.095.022,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que, con posterioridade ó seu peche, puideran ter as contas do Consorcio do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-2060, sexan as seguintes:

Monte: "ALTO DO BUEY".
Elenco: LU-2060.
Superficie: 165 Hás.
Pertenza: Parroquia de Villamor.
Termo municipal: Folgoso do Caurel.

4°.- Que, por haber pasado a conta do Convenio, do monte "DE CASTRO POR ELA", 2715851, das contas do Consorcio do monte "ALTO DO BUEY", LU-2060, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 219 Hás. x 9.857.414,-Ptas. 5.651.240,-Ptas.
382 Hás.

ingresos: 219 Hás. x 125.331,- Ptas. 71.852,- "
382 Hás.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 1995.

O CONSELLEIRO

P.D.

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5851
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a SETE de NOVEMBRO de mil novecentos noventa e CINCO.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE CASTRO PORTELA", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerá polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 16 de Xaneiro de 1.953 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Castro Portela, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE CASTRO PORTELA".

Termo municipal: Folgoso do Courel

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Castro Portela, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel.**

Límites:

N.: **Río Lor, propiedades particulares e mais monte veciñal da Comunidade de Castro Portela;**

E.: **Monte "DE FROXAN", 2715795;**

S.: **Termo municipal de Quiroga e**

O.: **Termo municipal de Quiroga.**

Superficie: **239 (DUASCENTAS TRINTA E NOVE) Hás.**

Estado forestal: **219 (DOUSCENTAS DEZANOVE) Hás. repoboadas; 13 (TRECE) Hás. rasas forestais e 7 (SETE) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **219 (DUASCENTAS DEZANOVE) Hás.**

Sen vexetación arborea: **20 (VINTE) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Castro Portela, parroquia de Vilamor, termo municipal de Folgoso do Courel**

que chega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizalas contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **222 Hás. do monte "ALTO DEL BUEY", LU-2060.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris e P. pinaster, nas zoas rasas na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTÍZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE CASTRO PORTELA ", Lugar de Castro Portela, parroquia de Vilamor.— Nº de Rexistro 0475, data do rexistro 20-setembro-1.995. Concello de FOLGOSO DO COUREL.

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ SOTO MÉNDEZ, e Don ARTURO LÓPEZ PRIETO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6. 19-setembro-1.999.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 22 de setembro de 1995.



Don ARTURO LOPEZ PRIETO, Secretario da Comunidade de Castro Portela, termo municipal de Folgoso do Courel.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 de Setembro de 1.995 estando designado Don JOSE SOTO MENDEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Castro Portela (Folgoso do Courel) a vintecinco de Setembro de mil novecientos noventa e cinco.

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: José Soto Méndez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Arturo López Prieto.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

(P/D 27-10-95)
O SUBDIRECTOR X. DO M.A.N. CAZA E PESCA FLUVIAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

Pola propiedade,

Asdo.: Antonio Luis Ronsón Pérez.
(O. do 13/12/93)

- D. José Soto Méndez.
- D. Arturo López Prieto.
- D. Luis Fernández González.
- D. Ramón Méndez Rivera.
- D^a. Mercedes Chousa Soto.
- D. Arturo Fernández González.

En el lugar de Castro Portela, parroquia de Villamor, municipio de Folgoso de Caurel, siendo las once horas del día 19 de Septiembre de 1.995, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Castro Portela.

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la citada Comunidad, reunida en Asamblea General en el día de hoy, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 239 Hás. del monte vecinal en mano común de su pertenencia "DE CASTRO PORTELA", en las que se incluyen 222 Hás. del monte "ALTO DEL BUEY", consorciado por el Ayuntamiento de Folgoso de Caurel y el Patrimonio Forestal del Estado y 17 Hás., rasas en la actualidad, que se aportan para ser repobladas, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE CASTRO PORTELA".

Superficie: 239 Hás.

Límites:

- N.- Río Lór, propiedades particulares y más monte vecinal de la Comunidad de Castro Portela;
- E.- Monte "DE FROXAN";
- S.- Término municipal de Quiroga y
- O.- Término municipal de Quiroga.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "ALTO DEL BUEY".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Arturo Fernández González

[Signature]

Luis Fernández González

Mercedes Chousa

[Signature]

José Soto